

## Residencia Rosalía/Traherne

### BASES DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria fixa as bases reguladoras da Residencia Rosalía/Traherne para impulsar o intercambio literario con Lower Brinsop Writers House, organizado en colaboración coa autora británica Fiona Sampson, para escritores en lingua galega en Hereford (Inglaterra, Reino Unido) por dúas semanas de duración, do 10 ao 23 de agosto de 2025.

Esta casa de escritores está en Hereford, onde naceu Thomas Traherne (1636-1674), un dos máis grandes poetas metafísicos ingleses, coñecido sobre todo polas súas espirituais *Centuries of Meditations*. Naceu nesta zona e, logo de estudar na Universidade de Oxford, regresou para ser o crego desta parroquia, chamada Credenhill.

Escribiu especialmente sobre a paisaxe e a infancia, e a Casa dos Escritores atópase preto dunha igrexa do século XI, no medio desa mesma paisaxe que aparece na súa obra.

Lower Brinsop Writers House está a media hora de Hay-on-Wye, onde se celebra o famoso Hay Festival, xusto na fronteira con Gales.

Os obxectivos deste intercambio literario son os seguintes:

- A promoción da produción literaria galega e a proxección internacional da figura de Rosalía de Castro e da cultura galega en xeral
- Promover a creación literaria e o intercambio cultural arredor da figura de Rosalía de Castro e de Thomas Traherne
- Achegar un espazo axeitado para o cultivo da imaxinación, o pensamento e a creación literaria, así como o intercambio cultural

## **Prazo de presentación**

O prazo de presentación de solicitudes remata o 15 de xuño de 2025 ás 23.59 horas CET.

## **Requisitos**

Poderá presentarse calquera escritor ou escritora maior de 18 anos con, como mínimo, unha obra publicada en galego.

## **Solicitudes**

As solicitudes deberán enviarse de forma dixital ao seguinte correo electrónico: **proxectos@rosalia.gal**, indicando no asunto “Residencia Rosalía/Traherne”. Deberán incluír os documentos seguintes en formato PDF:

- Currículum literario-académico-vital (máximo 3 páxinas), que deberá incluír datos persoais e un teléfono.
- Proxecto literario a desenvolver durante a residencia (máximo 3 páxinas)
- Carta de presentación (1 páxina)

## **Proceso de selección**

O proceso de selección será realizado por un xurado nomeado pola Fundación Rosalía de Castro e formado por escritores e escritoras.

O xurado, que elaborará unha listaxe de tres candidatos por orde de preferencia, avaliará as candidaturas en base á traxectoria literaria e á calidade da proposta presentada.

## **Obrigas dos beneficiarios e outras consideracións**

- Unha vez contactado, o/a candidata elixida deberá comunicar no prazo de 5 días naturais a súa aceptación ou rexeitamento.
- Se houber publicación posterior do traballo desenvolvido, esta residencia debería aparecer indicada nos créditos
- Traballar no proxecto presentado
- Non se admitirá ningún tipo de acompañantes

## **A bolsa**

A concesión desta bolsa inclúe o seguinte:

- Estadía na Writer's House de Hereford (Herefordshire, Inglaterra, UK) do 10 ao 23 de agosto.
- Voos de Galicia a Londres
- Axuda para gastos correntes
- Participación en, como mínimo, un acto público de lectura da súa obra.

Esta residencia está organizada e financiada pola Fundación Rosalía de Castro en colaboración con Fiona Sampson e a Lower Brinsop Writers House.